

IDENTIDADE BORRADA

[Joel Edgerton, 2018]

512

ESTREA EN NUMAX: 12.04.2019 | V.O.S.E.

Boy Erased (2018, 114')

Dirección: Joel Edgerton

Guión: Joel Edgerton (Libro: Garrard Conley)

Elenco: Lucas Hedges, Nicole Kidman, Russell Crowe, Joel Edgerton, Xavier Dolan, Emily Hinkler, Ron Clinton Smith, Jesse Malinowski, Troye Sivan

Son: Jacob Ribicoff

Música: Jonny Greenwood

Montaxe: Jay Rabinowitz

Dirección de arte: Jonathan Guggenheim

Vestuario: Trish Summerville

Fotografía: Eduard Grau

Produtoras: Focus Features, Anonymous Content, Blue-Tongue Films, Perfect World Pictures (EEUU, Australia)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2018 (Nomeado a mellor actor de drama —Lucas Hedges— e canción), Satellite Awards 2018 (4 nominacións incluído a mellor actor de drama —Lucas Hedges—)

FILMOGRAFÍA

El regalo, 2015

SINOPSE

A historia céntrase no fillo dun pastor Bautista dunha cidade de Arkansas. O mozo con 19 anos decide contarlle a seus pais que é homosexual. Ante esta confesión envíanlo a Love in Action, un programa de conversión no que a través de doce pasos e moitas lecturas da Biblia tentan suprimir a súa identidade.

«Un drama difícil, emocionante e aleccionador. Edgerton, de novo, demostra o seu talento tras a cámara, confírmase como director cunha gran sensibilidade e talento dirixindo actores»

Irene Crespo CINEMANÍA



“Imaxinei como sería se os meus pais me dixesen que había algo malo dentro de min”

Entrevista con Joel Edgerton
Por Valeria Martínez

Dirixes, produces, escribes e participas como actor nun filme que se estrea tres anos despois da túa ópera prima. Como afrontaches o reto nesta ocasión? Cada filme debe ser afrontado dunha forma única. Neste caso non sentín que dese un salto enorme dun xénero a outro. Sabía que quería dirixir algo máis dramático e non tanto de xénero. Pero, pensándoo ben, hai algúns elementos que xa aparecían en *El regalo* e que seguen estando presentes nesta cinta. Por exemplo, a creación de sentimentos incómodos ou a música. Aínda que non hai momentos de sustos, creo que *Identidade borrada* é unha película máis aterradora que *El regalo*.

Como naceu o teu interese por esta historia? Despois de ler *Boy Erased*, o libro de Garrard Conley. Con todo, sempre sentín fascinación polos filmes que transcorren en institucións mentais, asilos ou prisións, como *Alguien voló sobre el nido del cuco* ou *El expreso de medianoche*. O meu interese por este tipo

de historias levoume a ler o libro con entusiasmo. E de aí naceu o desexo de querer transformalo nunha longametraxe. Debo confesar que, ao principio, pensei que a novela estaría chea de personaxes odiosos. Pero acabou sendo algo máis complicado que todo iso...

A que te refires? Descubrín que os pais de Jared Eamons, o mozo protagonista, internárono nun programa relixioso de reconversión sexual. Eles crían que así podían axudarlle e estaban convencidos de que, sendo homosexual, non ía poder sentirse parte da súa comunidade relixiosa. Fascinoume o papel da súa nai, aquí encarnada por Nicole Kidman, por ser capaz de envialo ao centro. Se nin ela podía cambiar e aceptalo... entón é que non hai esperanza para ninguén.

Que papel xoga a familia na túa vida? Moi importante. Recordo o importante que foi para min cando rematei o instituto e marchei de casa para asistir á escola de Arte Dramática. Veño dunha vila moi pequena, similar á de Jared. É un deses sitios onde ninguén se atrevería a saír do armario. Cando cheguei á escola, descubrín un novo mundo con familias diferentes ás miñas. Sendo un neno, cría que todo o mundo tería o mesmo ca min nas súas casas. Lamentablemente, agora sei que non é así. Para traballar nesta historia imaxinei como sería se os meus pais me dixesen que había algo malo dentro de min, que tiñan que botarme de casa e que xa non era benvido na comunidade. Debe ser algo horrible.

Por que decidiches interpretar a Victor Sykes, o terapeuta a cargo do programa de conversión sexual? A John Schmidt, que é a persoa na que se basea este personaxe, coñecino en persoa e até xantamos xuntos. En realidade, coñecín a todos os que aparecen nesta historia. Ceei cos pais de Garrard, puíden falar co seu médico, fun á súa igrexa, pero sabía que tamén tiña que coñecer a John. Vira moitas imaxes del. E sabía que se trata de alguén carismático, un líder moi interesante e intelixente. Cando un mozo publicou as regras de Love in Action, o programa que el dirixe, de súpeto todo o mundo en EEUU se preguntou que estaba a pasar. Nese momento, John tivo a confianza e a seguridade de enfrontarse aos medios e defender ante eles a ética que hai detrás desa terapia de conversión homosexual. Resultoume un tipo moi carismático. Nada que ver coa figura do vilán que imaxinara. Cando lle coñecín en persoa, caeume moi ben. Quedei fascinado tanto pola súa persoa como polas súas contradicións.

Cres que John se sente culpable por todo o que fixo? Absolutamente. En lugar de afastarse e esconderse de todos, John é alguén moi activo en redes sociais. Moitas persoas aceptaron as súas desculpas, pero outras non tanto porque o seguen vendo como un monstro. Hai mesmo quen o sinala como responsable de moitos suicidios.

Publicado en elmundo.es
Tradución Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Boy Erased (Identidade borrada),
Garrard Conley Dos Bigotes, 2019

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax